

## ***La Oliva* (1856-1857). Conclusións tralo estudo dun xornal do Rexurdimento**

Xurxo Martínez González

[Recibido, 24 febreiro 2016; aceptado, 20 marzo 2016]

<http://dx.doi.org/10.15304/bgl.48.3164>

RESUMO O presente artigo pon en común as principais conclusións extraídas do estudo de *La Oliva* (1856-1857), xornal ligado ó Rexurdimento. As disciplinas científicas traballadas abranguen dende a socioloxía até a historia da literatura, dende a comunicación até a construción da identidade.

PALABRAS CHAVE: *La Oliva*, Rexurdimento, sociabilidade, provincialismo, literatura.

ABSTRACT This article puts in common the main conclusions drawn from the study of *La Oliva* (1856-1857), newspaper linked to the Rexurdimento. The scientific disciplines worked from sociology until the history of literature, from the communication until the construction of the identity.

KEYWORDS: *La Oliva*, Rexurdimento, sociability, provincialism, literature.

45

### **Introito**

Todo o traballo investigador ten, como principal finalidade, responder os interrogantes iniciais cos cales comezámola pescuda. Pero ademais, se for o caso, debe achegar documentación inédita e cotexalo material édito; presentar análises que sexan suxestivas para o coñecemento dun determinado período; explicar que repercusión tivo o noso obxecto de estudo no posterior desenvolvemento da historia sociocultural, comunicativa ou política; presentar novas reflexións que abran futuros vieiros onde proseguir co traballo académico; ou fomentar un debate que conecte cos anteriores e presentes xuízos co propósito de perfilar unha visión o máis sólida e argumentada posible dos acontecementos de entón.

Este artigo pretende dar conta daquelas conclusións máis destacadas (segundo a nosa opinión) logo dun dilatado proceso de investigación arredor do xornal provincialista e progresista publicado baixo o título de *La Oliva* (1856-1857)<sup>1</sup>. Sírvanos esta aclaración para escusa-la ausencia de citas e referencias detalladas en distintas cuestións xa que os lindes marcados para esta tarefa así nolo esixen.

Jaume Guillamet, catedrático de xornalismo na Universitat Pompeu Fabra de Barcelona, aseverou o seguinte durante a súa intervención no simposio *A comunicación no seu tempo* (logo recollida no segundo volume dos *Papés d'empremta condenada*, Guillamet 2008: 29):

El estudio de los periódicos continúa siendo una prioridad entre las necesidades y objetivos de la historia del periodismo. En España es un ámbito de investigación apenas hollado. A pesar de la aparente cobertura temporal de la evolución de la prensa, con una gran obra de referencia –los ya tres volúmenes de *Historia del periodismo en España*, que son lo más parecido a la *Histoire générale de la presse française*–, son muy escasos los grandes periódicos que han sido objeto de monografías y estudios como las que disponen en Francia, Inglaterra y Estados Unidos.

46

A investigación galega é incapaz de arredarse deste enxoiro panorama, malia os esforzos practicados nos últimos anos<sup>2</sup>. A falta de monografías con entidade suficiente; de análises íntegras sobre a prensa galega dende diversas perspectivas e metodoloxías; de manuais historiográficos que vaian alén da inmediata descrición xeral do xornal; de ambiciosos proxectos de investigación centrados neste ámbito; dunha completa e actualizada bibliografía etc., minguan o estudo neste campo científico. A esta situación temos que engadirlle unha pexa máis cando abordámo-lo século XIX: o difícil acceso á documentación de época ou os escasos exemplares dos periódicos orixinais que chegaron deica o presente. Nalgúns casos todo este material chega fragmentado, outro está perdido e aqueloutro destruído para sempre. Murguía laiábase, con suma razón, da perda da última colección completa coñecida

---

<sup>1</sup> Centrarémonos só na primeira etapa do xornal (1856-57). Porén, o periódico tivo unha continuidade baixo o nome d' *El Miño* (1857-1868) e unha segunda etapa co mesmo nome de *La Oliva* (1868-1873).

<sup>2</sup> No que afecta ó século XIX atopamos, por exemplo, o citado Simposio organizado polo Consello da Cultura Galega (2005), a edición de *Primeiros diarios galegos (1808-1809)* (2008) ou os dous volumes de *Papés d'empremta condenada* (2008 e 2012).

d'*El Miño*, un xornal vigués (continuador de *La Oliva*) que se publicou nos anos centrais do Rexurdimento pleno, isto é, entre 1857 e 1868. Once anos da historia social, política e cultural de Galiza que hoxe tratamos de recompor mediante hipóteses<sup>3</sup>.

Os escasos volumes que tratan a historia da prensa galega adoitan ser soamente descritivos<sup>4</sup>. Estas obras teñen o mérito de seren as primeiras en afrontar este deserto investigador pero, sen dúbida, merecen ser revisadas, actualizadas e corrixidas. Con isto queremos alertar, se se nos permite, da necesaria aposta da investigación galega dedicada ó século decimonónico por constituír unha liña de traballo mancomunada e centrada no Rexurdimento e, na cal, a prensa ocupe un lugar destacado pois, como afirma Marrast (1975: 13) na súa célebre cita:

En efecto, a través de la prensa es como mejor puede aprehender el movimiento de las ideas en su curso y en sus agitaciones, determinar la persistencia de las corrientes de pensamiento y sus resurgimientos, su progresiva desaparición en provecho de las ideas que poco a poco se abren camino y lentamente se implantan o se imponen.

A prensa como obxecto de estudo e non unicamente como fonte de información. Porque a través das súas páxinas podemos reconstruí-la memoria silenciada do pobo galego e, segundo a nosa opinión, o xornalismo contribúe de maneira diamantina a coñece-la historia social de Galiza, materia que agarda unha monografía que parta dos postulados do marxismo británico (nomeadamente de E. T. Thompson e a súa proposición de *history from below*). Porque sermos quen de coñece-la urdime das ideas e sermos quen de interpretalas vainos permitir comprender moito mellor un período decisivo na crónica biográfica de Galiza, é dicir, o Rexurdimento, que non foi en exclusiva unha expresión literaria senón un verdadeiro movemento rehabilitador da dignidade, da capacidade e da vontade de sermos nós como pobo, como cultura e como nación.

---

<sup>3</sup> O mesmo Manuel Murguía (2004: 136), na entrada de Rosalía de Castro en *Los precursores*, manifestaba que, trala nocturnidade literaria, *El Miño* fora o “periódico que de una manera más decisiva influyó en los destinos de nuestro país. En él se había refugiado cuanto conservábamos de vivaz y fecundo, en él se reflejaba el espíritu de la generación que parecía haber traído al mundo como única tarea crear una nueva Galicia y fecundar los gérmenes de vida que este pueblo encierra”.

<sup>4</sup> Vid. Fernández Pulpeiro (1981) e Santos Gayoso (1990-1995).

Este pórtico adianta a razón do presente traballo. Queremos, pois, presenta-la nosa contribución tanto ó coñecemento dun xornal ligado ó Rexurdimento como foi *La Oliva*, así como interpela-lo mundo académico (e non só) para que se estableza un debate e un diálogo arredor da prensa galega, da formación da esfera pública e da opinión pública provincialista, da súa achega á construción da identidade, entre outros tantos asuntos vencellados á actividade periodística (liña editorial, folletín literario, edición, imprenta, colaboradores, anuncios, seccións etc.).

Tampouco queremos deixar desatendida outras vetas investigadoras que ofrece o estudo do xornalismo. Neste sentido defendémo-la práctica dunha análise multidisciplinar que poña en valor a interconexión dos enfoques e metodoloxías. Esta foi a vontade de Xoán González-Millán cando publicou *Resistencia cultural e diferenza histórica* (2000), monografía que influíu na nosa formación intelectual.

En relación coas teses de González-Millán, para o estudo do século XIX cómpre adverti-la condición de subalternidade en que vivía Galiza. Se tomamos este lente seremos quen de comprende-lo duplo esforzo que fixeron os protagonistas do Rexurdimento xa que a propia creación intelectual e acción política debía superar, en primeiro lugar, as condicións adversas dunha sociedade e territorio negado (cando non inxuriado) que contabiliza numerosas aldraxes das “máis ilustradísimas provincias”, como denunciaba Rosalía de Castro no prólogo de *Cantares gallegos*. Inxurias inoculadas na percepción colectiva que tiñan os mesmos habitantes do antigo Reino. Deste xeito, aquela pléiade precisou tumba-los prexuízos que existían sobre a nosa historia, costumes, lingua, tradicións, folclore, pintura, capacidade intelectual, méritos militares, contribucións científicas, reflexións filosóficas ou teolóxicas... e, posteriormente, trasladar á cidadanía galega a necesidade de valora-lo propio nun proceso de toma de conciencia da nosa identidade. En definitiva, os rexurdimentistas partían dunha situación atípica con respecto a outros pobos europeos, onde se asumía a tradición histórica e a súa identidade como un valor do patrimonio nacional. Os obstáculos atopados polos rexurdimentistas nacían tanto da feble institucionalización da cultura nacional como polos atrancos instituídos polo espazo público hexemónico, espazo que eles impugnanaban con rotundidade.

Por conseguinte, organizaremos nos seguintes epígrafes as conclusións que tiramos do estudo de *La Oliva*.

## 1. O xornal e a política

A tortuosa e axitada vida política do século XIX no Estado español marcou os primeiros pasos da liberdade de opinión e de prensa. As Cortes de Cádiz debateron sobre esta cuestión até incorporala á Constitución de 1812. A rexa oposición do absolutismo de Fernando VII, até a súa morte, e as posteriores medidas restritivas, aplicadas sobre todo polos conservadores no período isabelino, determinaron a evolución do xornalismo. As leis de prensa mudaban cando os Gobernos mudaban de inquilinos: nas fases progresistas había unha maior liberdade; nas fases moderadas, había un maior control e censura<sup>5</sup>.

Porén, o custo económico que supoñía a edición, impresión e distribución encarecían enormemente esta empresa. A supervivencia dun xornal, publicado durante os anos de consolidación do liberalismo (1833-1843), dependía nunha mínima parte dos subscritores e dos anuncios. Precisamente nesta altura ponse de moda o folletín literario como engado para atraer-la atención dos lectores e lectoras (tamén había unha prensa dirixida ó xénero feminino) e, por esta causa, convertelos en subscritores.

Con todo, a prensa dependía nunha máxima parte do poder político. O apoio directo dos órganos institucionais facilitaban a publicación. Así, as poxas que se realizaban para imprimir-lo boletín oficial dunha provincia convertíanse, no fondo, nunha poxa entre os impresores que aspiraban a gañala vontade e confianza da forza política no poder para ofrecerse, de inmediato, como uns ávidos portavoces dos intereses partidistas. Por norma xeral, detrás dun certo impresor ou obradoiro tipográfico está un círculo político concreto. En consecuencia, a prensa tiña un marcado carácter opinativo; carácter que dominou todo o escenario xornalístico até o ecuador do século cando aparece a prensa de información<sup>6</sup>. Os matices que precisa o caso da

---

<sup>5</sup> A prensa democrática e obreira sufriu dobremente posto que nin os Gobernos progresistas favoreceron a súa saída á luz pública. Nótese, pois, a rivalidade entre a burguesía e unha emerxente clase traballadora apoiada por determinados sectores da burguesía liberal. *Vid.* Eguizabal (2003).

<sup>6</sup> A publicación de *Las Novedades*, fundado en 1850 por Ángel Fernández de los Ríos, marca simbolicamente o inicio da prensa de información. Juan Francisco Fuentes (2007: 166) argumenta: "Ejemplo de la paulatina tendencia a la profesionalización y mercantilización del periodismo serán el nuevo modelo representado por *Las Novedades*, la creciente importancia de la publicidad como forma de financiación complementaria y la función del folletín como sección clave de todo periódico que se precie".

prensa cultural merecería outra lectura analítica que, arestora, non nos corresponde facer.

Ademais disto cómpre identificar e marca-las diferenzas entre a prensa de capital e a prensa da periferia. Ou como dicían na época, cómpre distingui-la prensa de Madrid e a de Provincias. O poder económico e político concentrado na capital española explica o motivo polo cal proliferan tantas cabeceiras xornalísticas neste lugar e que contrasta coas poucas publicacións de provincias, incluso de cidades industriais cunha forte dinámica comercial como eran Barcelona, Sevilla ou Bilbao. Esta situación mudaría tamén contra a metade do século en consonancia cunha serie de cambios operados na prensa (as mellores mecánicas que abaratan a publicación, o interese crecente polas novas locais e provinciais, o desenvolvemento comercial e industrial que trae consigo a acumulación de capital financeiro etc.).

A aparición de *La Oliva* coincide cun episodio de grandes cambios políticos e económicos que se efectuaron durante o Bienio Liberal (1854-1856), baixo a presidencia de Espartero. As autoridades progresistas da Deputación Provincial de Pontevedra facilitaron, mesmo con polémica<sup>7</sup>, a adxudicación da impresión do boletín provincial á nova tipografía establecida en Vigo por Juan Compañel e José Ramón Fernández Domínguez, conspícuos militantes do progresismo puro. Aquel encargo supoñía un importante ingreso económico que permitiría soste-los gastos producidos pola instalación da imprenta na rúa Real e pola inmediata publicación de *La Oliva*.

O nacemento deste xornal supuxo un mecanismo de contraposición ás posturas e lecturas políticas moderadas de *Faro de Vigo*, impreso por Ángel de Lema dende 1853<sup>8</sup>. A rivalidade entre estas dúas cabeceiras acontece coa aparición na urbe atlántica da esfera pública burguesa e o combate ideolóxico que se establece na mesma. Seguindo a opinión de Jürgen Habermas, a configuración deste espazo de comunicación supoñía un verdadeiro adianto social e comunicativo (en tanto que rompía coas prácticas do *Ancien Régime*

---

<sup>7</sup> O organismo provincial, presidido por Manuel Somoza e con Atanasio Fontao (figura próxima ós progresistas de Vigo) na secretaría, decidiu o 10 de decembro de 1855 aceptar a oferta de Juan Compañel cando outros impresores ofrecían un mellor prezo. Isto provocou varias denuncias que non chegarían a prosperar.

<sup>8</sup> A rivalidade política en Vigo propiciou, de maneira indirecta, o asentamento e consolidación de dúas tipografías na cidade. Un feito destacado para unha urbe que tivo imprenta (Pascual Arza) por primeira vez na historia en 1823.

e exercitaba a democracia) intimamente ligado ó xurdir de novos espazos sociais potenciados pola burguesía (clubs, liceos, teatros, cafés etc.). Para alén disto, o espazo local, e en parte provincial (repárese nas liortas abertas con *El Restaurador* de Pontevedra), reflicten o interese, tanto da redacción como dos lectores, pola información máis próxima.

Desta maneira *La Oliva* nacía grazas ó apoio político dos progresistas. Esta característica, canda a militancia ideolóxica da redacción, determinaron o seu marcado e coñecido perfil político, que nós situamos nas ideas avanzadas propugnadas polo progresismo puro (expresado entón na reivindicación dun pacto de Goberno entre o Partido Demócrata e o Partido Progresista). Con isto queremos confirmar que estamos ante un xornal de opinión, que expresa nos artigos de fondo (editoriais) constantes posturas críticas co bando moderado e que se define abertamente militante no progresismo. Malia que conteña un folletín literario e, meses despois, un suplemento cultural (“Floresta Universal”), ambos dirixidos por Manuel Murguía, *La Oliva* non se arredou un milímetro da súa composición e compromisos ideolóxicos. O historiador Miguel Artola (1977: 180) ratifica esta interpretación ó considerar que “la prensa es el tercer elemento que actuará como constituyente en la aparición de partidos”; é dicir, que *La Oliva* en Vigo é unha parte constituínte da corrente política do progresismo puro.

Con esta información concordamos en definir *La Oliva* como un periódico de opinión e de provincia. Estas características condicionan a súa evolución (por exemplo, a censura vivida durante os posteriores gobernos moderados) e tamén o enraizamento con Galiza, en singular coa nosa cultura e perspectiva provincialista, e con Vigo, onde liderará causas locais como a chegada do ferrocarril.

## 2. A sociabilidade: Agulhon, Habermas, Gelz

O relato da historia da literatura (ou da cultura nun grao máis amplo) debe incorporar-la perspectiva sociolóxica. Por tanto, nós comprendémo-los estudos socioculturais galegos alén da inmediata análise textualista ou histórica. González-Millán practica esta tese no citado volume de *Resistencia cultural e diferencia histórica* a partir da inclusión das teorías de Gramsci (sociedade civil) e Habermas (esfera pública), fundamentalmente. Seguindo o remborque desta

proposta quixemos centra-la nosa análise á luz das teorías do propio Habermas e engadi-la perspectiva sociolóxica de Maurice Agulhon, centrado nos casos de sociabilidade no tránsito entre o *Ancien Régime* e o liberalismo na Francia revolucionaria<sup>9</sup>. Ademais explicarémolo concepto de “sociabilidade virtual” que emprega Andreas Gelz e que cremos produtivo para o estudo da prensa.

Agulhon asume a sociabilidade como unha categoría histórica. A introdución da súa proposta teórica chegou tardiamente tanto ó Estado español como a Galiza. En todo caso, o estudo da sociabilidade como obxecto central amosa unha gran rendibilidade para os estudos socioculturais. Por exemplo no caso galego repararemos na necesidade de coñece-lo espazo social no cal se atopan os produtos, produtores e receptores das obras literarias; a posición socioeconómica dos rexurdimentistas e dos seus opositores; as prácticas sociais exercidas nun espazo concreto que lexitiman un discurso; a distinción na creación e extensión de lazos de carácter persoal e familiar; as fórmulas escollidas para organizarse con ou sen calidade institucional; a participación en círculos formais ou informais; a organización de espazos burgueses e populares; a desagregación dos propios círculos (clubs, liceos, casinos etc.); as pontes creadas entre os campos políticos e cultural por medio da sociabilidade ou o grao de importancia que acadan as unións emotivas. Todo isto situado no correcto contexto histórico marcado polo ascenso da burguesía, o establecemento do liberalismo (político e económico) e a pegada da estética romántica. As variables son moitas, os cruzamentos tamén. Pero presentar estas liñas de investigación, como vindeiras tarefas, anuncian a necesidade dese ambicioso proxecto que describiamos ó inicio.

52

Mais, se cadra, os dous aspectos máis interesantes do estudo de Agulhon son: primeiro, a relación que atopa entre as novas formas de sociabilidade e as prácticas sociais de carácter democrático; e segundo, a ligazón entre un determinado círculo social e a formación da esfera pública (incluída, logo, a creación da opinión pública dende a prensa).

O concepto de sociabilidade de Agulhon está fortemente relacionado co da esfera pública de Habermas (e tamén co de sociedade civil de Gramsci).

---

<sup>9</sup> En 1966 publicou *La sociabilité meridionales. Confréries et associations dans la vie collective en Provence orientale à la fin dun 18e siècle* onde realiza, por primeira vez, a introspección na teoría da sociabilidade. O seu impacto no campo científico foi notable. Porén, a definición inicial dada por Agulhon sufriu co tempo distintas modificacións.



Nós deterémonos, arestora, na tese do autor alemán Habermas (1973: 61)<sup>10</sup> que define a esfera pública:

Por espacio público entendemos un ámbito de nuestra vida social, en el que se puede construir algo así como opinión pública. La entrada está fundamentalmente abierta a todos los ciudadanos. En cada conversación en la que los individuos privados se reúnen como público se constituye una porción de espacio público [...]. Los ciudadanos se comportan como público, cuando se reúnen y conciertan libremente, sin presiones y con la garantía de poder manifestar y publicar libremente su opinión, sobre las oportunidades de actuar según intereses generales. En los casos de un público amplio, esta comunicación requiere medios precisos de transferencia e influencia: periódicos y revistas, radio y televisión son hoy tales medios del espacio público.

O xurdir da esfera pública supón unha mostra da entrada na modernidade e do novo funcionamento social expresado por medio da constitución dos círculos sociais xa antes aludidos. A transformación operada repercute na relación entre os espazos institucionalizados (principalmente os dependentes dos aparellos do estado e encargados de lexitimalos seus determinados intereses) e os espazos sociais (a sociedade civil). A aparición da esfera pública supuxo poñer en común os intereses da cidadanía nun inédita espazo non controlado polo estado.

O papel da prensa, no contexto de pugna entre os liberais e os realistas, resultou crucial para comprender en toda a súa dimensión o nacemento, a organización e o conflito das ideas na esfera pública. O xornal enténdese, pois, como un catalizador onde se difunde a opinión pública resultado das conversacións previas (opinión propia, editorial; e opinión privada, colaboradores).

González-Millán (2000: 63) reflexiona a propósito da teoría asinada por Habermas:

O marco teórico e metodolóxico articulado arredor do concepto de *espazo público* semella especialmente axeitado para analizar os procesos de institucionalización de determinados proxectos socioculturais e políticos, sobre todo en contextos marcados pola experiencia da subalternidade.

---

<sup>10</sup> Esta definición clásica da *öffentlichkeit* de Habermas foi criticada dende distintos prismas como o marxista, o feminista ou o psicanalítico. Reparemos, no primeiro dos casos, que a esfera pública burguesa é restritiva con respecto á participación doutras clases sociais.

Con certeza, a aparición da esfera pública propiciou a participación da burguesía nos asuntos de interese xeral dende unha postura conciliatoria ou contraditoria cos desexos do poder estatal. Do mesmo xeito, esta esfera pública tamén serve para o auxe dos colectivos nacionais silenciados deica entón. Estes serán quen de conformar espazos públicos propios dende os cales emitir unha opinión que interveña baixo outras pretensións (nacionais). Botamos man outra vez de González-Millán (2000: 65) quen, con atinado ollo crítico, sinala: “Os espacios públicos, como potenciales caldos de cultivo das novas formas sociais e de reivindicación de representacións nacionais multi-seculares silenciadas, presentan unha compoñente de restauración e articulación dunha identidade colectiva nacional”.

Seguindo o ronsel desta idea encontrámonos co concepto de “contra-espazo público”, é dicir, precisamente aquelas esferas nas cales participan sectores silenciados ou marxinados ó longo dos séculos<sup>11</sup>. O contra-espazo público pode integrarse dentro dunha estratexia de resistencia. A literatura forma parte deste esquema na medida en que a súa institucionalización serve tanto de expresión opositora do liberalismo como tamén de construción dun imaxinario nacional colectivo.

54

A continuación centrarémonos no caso vigués e farémolo cun lixeiro percorrido histórico que nos permita identificar determinadas (e necesarias) alertas para entende-la nosa conclusión.

Vigo experimentou unha gran transformación na súa anatomía a partir da Guerra de Independencia. A experiencia vivida durante a Reconquista, que o profesor Barreiro Fernández (2009) considera o feito militar máis salientable efectuado pola paisanaxe durante aquela confrontación bélica, supuxo para a urbe atlántica o recoñecemento da monarquía borbónica: en 1810 foille concedida o título de cidade e canda el chegaron determinados privilexios.

A transmutación operada na realidade socioeconómica posibilitou que se asentase unha importante burguesía e, con ela, unha importante concentración de capital financeiro. A clase burguesa tamén importou os gustos propios

---

<sup>11</sup> González-Millán caracterízaos por teren un alto grao de conflictividade, deficiente institucionalización e un marcado compoñente conflictivo. Estes trazos son imprescindibles nunha análise dunha situación sociocultural subalterna como a galega no século XIX.

do seu status que, dalgunha maneira, se enfrontaban cos gustos considerados arcaicos que mantiñan vivos a nobreza e a aristocracia. Na estética a rivalidade presentouse entre o neoclasicismo e o romanticismo.

A expresión romántica ofreceuse como un engado á nova burguesía e debe ser un tema que reclame a nosa atención. Aquelas historias dramáticas do *Werther* de Goethe, os efusivos poemas de Lord Byron, as novelas históricas de Walter Scott ou as cantigas celtas tomadas por Macpherson; a partitura apaixonada de Chopin ou Liszt; a policromía intensa de Delacroix e a presenza dominante da natureza en Caspar David Friedrich; ou os traballos folclóricos dos irmáns Schlegel. Aquela esfera cultural inundou o vello continente grazas, no fundamental, á propia ascendencia da clase burguesa como novo suxeito político dirixente e á aparición da esfera pública como lugar de encontro que saía do ámbito estritamente privado e lonxe do control estatal.

A sociabilidade formal (liceos, casinos ou ateneos) e informal (fundamentalmente os cafés) distingue un dos praceres e gustos da emerxente burguesía europea que se fixo notar en Vigo dende a década dos 30 do século XIX. A apertura destas asociacións e lugares de recreo na urbe atlántica caracterizan o que explicamos nos anteriores parágrafos. Todo isto sérvenos como marco xeral para realiza-la radiografía romántica, liberal e burguesa de Vigo. De modo que o círculo social que impulsa *La Oliva* concorda cos parámetros indicados en canto a expresión estética, liberalismo e clase social.

José María Chao abriu a súa rebotica na actual Praza da Constitución no período do Trienio Liberal (1820-1823). Na traseira acontecían debates clandestinos sob a luz do liberalismo. O boticario Chao pasaría a historia por ser acusado de entregar un paquete bomba ó sanguinario Capitán Xeneral de Galiza, Nazario Eguía. O estoupido levoulle unha man e varios dedos. Chao foi procesado e sentenciado á pena capital. Salvouse pero a fama acompañouno toda a vida, deica a súa morte. Aquela sona identificaba como liberais os círculos sociais nos cales participaba.

A estirpe dos Chao, oriúndos do Ribeiro, mostra un perfecto retrato do concepto de familia burguesa (sempre preocupados por manter un status social con relacións óptimas). Cómpre reparar que Concepción Chao casa con José Ramón Fernández Domínguez (xuíz e avogado), Julia Chao con Ángel Martínez Maristany (comerciante), Cándida Chao con José Yáñez Rodríguez

(importante comerciante e irmán dun alcalde vigués) e Emilia Chao con Juan Compañel. Os fillos foron Eduardo e Alejandro Chao. Este cadro de relacións permítenos entende-los importantes vínculos que uniron a varios deles no proxecto xornalístico de *La Oliva*<sup>12</sup>. Pero ademais non debemos esquecer que tamén o matrimonio Murguía de Castro estaba ligado a esta estirpe pois Rosalía tiña parentes en común cos Chao (pola vía dos Hermida) e que a primeira filla do casal, Alejandra, levaba este nome en honra do seu padriño, Alejandro Chao (editor de *Follas novas* na Habana).

Ademais dos sólidos lazos familiares tamén existía un férreo lazo ideolóxico. Todos eles compartiron as mesmas inquedanzas políticas: progresismo, democratismo e prorrepblicanismo<sup>13</sup>. Sobre todo destacaron Eduardo Chao e José Ramón Fernández, líder e deputado do Partido Demócrata (a opción republicana e máis á esquerda dos distintos grupos do Congreso), e capitán da Milicia Nacional e concelleiro vigués, respectivamente. Obsérvese, pois, que a atmosfera da botica dos Chao, dos cafés que compartían no León de Oro e as conversas na casa familiar estaban enliñadas por varios fíos.

56

Arredor da estirpe dos Chao conformouse o círculo social do progresismo avanzado que deseña un plan de actuación na esfera pública viguesa. A causa desta decisión é, como xa dixemos atrás, a saída á rúa en 1853 de *Faro de Vigo*, fundado por un provincialista moderado como José María Posada (escritor en lingua galega e membro da Academia Literaria) e o seu curmán José Carvajal Pereira. O periódico ofreceuse ó Partido Moderado como expresión pública das súas posicións políticas nun tempo en que os partidos eran ilegais e os mitins estaban prohibidos.

O círculo progresista agardou até 1854 cando unha revolución (A Vicalvarada) levou ó poder ó xeneral Espartero. O novo goberno, que deu inicio o Bienio Liberal (1854-1856), esforzouse por levar a cabo a modernización económica e política do Estado español. Sen embargo, aquela experiencia gobernativa supuxo o conflito dentro das fileiras do Partido Progresista e, por mor desta debilidade, a consolidación dun espazo de centro que se de-

---

<sup>12</sup> Eduardo Chao foi o director *in pectore*, José Ramón Fernández o director *de iure*, Alejandro Chao o xefe de redacción, Juan Compañel o editor-impresor e futuro director e Manuel Murguía o director literario.

<sup>13</sup> Na altura histórica en que se publica *La Oliva* (1856-1857) existían tres partidos con representación política: o Partido Moderado, o Partido Progresista e un minoritario Partido Demócrata.

nominaría Unión Liberal (liderado por O'Donnell). Se *Faro de Vigo* naceu cos moderados no poder, *La Oliva* fíxoo cos progresistas no Goberno.

O mencionado plan de actuación comeza coa constitución en xaneiro de 1856 do *Recreo Artístico e Industrial de la Ciudad de Vigo*, como alternativa ó Círculo Recreativo de Vigo auspiciado polos moderados, e coincide coa inminente saída de *La Oliva*. Este suceso permítenos pensar que o círculo social do progresismo puro (nucleado arredor da estirpe dos Chao) ideou un roteiro de intervención na esfera pública pois periódico e recreo naceron practicamente á par como resultado desa acción planificada e non como unha coincidencia azarosa.

Por outra parte, os círculos sociais, que fomentaban o encontro e o debate entre os asistentes (participasen como poñentes ou como ouvintes), tamén participaron na promoción da prensa, que adquirirá un maior protagonismo co transcurso temporal. Nesta precisa cuestión o profesor da Albert Ludwings Universität Freiburg, Andreas Gelz (2009: 173) anota:

Ya no se trata aquí solamente de un equivalente imaginario de la tertulia en el sentido de unos lectores que pueden imaginarse sumergidos, a través de la lectura, en una tertulia imaginaria entre ellos y los redactores del periódico. En este caso, se va mucho más lejos: a través del proceso público de lectura estimulado por el autor –la lectura en voz alta para la servidumbre– se establece una nueva forma de sociabilidad; el órgano de prensa sirve en cierto modo como vehículo de un impulso social, una función que el periódico toma a su cargo junto a la de la transmisión de información.

O “parladoiro imaxinario” ou a “sociabilidade virtual” parécenos un interesante asunto para entende-la relevancia da función sociopolítica (e tamén cultural) da prensa durante o século XIX. En definitiva, un xornal actúa como unha sorte de conversa virtual como se fose o encontro nun café pero nunha maior dimensión e alcance xeográfico. Con atino di Gelz que asistimos a unha nova forma de sociabilidade.

*La Oliva*, coa súa enorme distribución territorial, era unha evolución do primitivo parladoiro na rebotica de José María Chao e do ulterior e público *Recreo Artístico e Industrial de la Ciudad de Vigo*. O xornal, en definitiva, enténdese como unha extensión deste círculo social e establece, por medio da lectura e escritura, un diálogo (sociabilidade virtual) con outros axentes galegos e foráneos (entre eles os rexurdimentistas).

En resumo, na conversa clandestina da traseira da botica ou na legalidade acadada por un liceo fálase dos textos escritos na prensa e, á súa vez, esta conversa mesma e as súas conclusións son fixadas na escritura do xornal. Esta interdependencia desborda os límites do propio círculo grazas á función do periódico e o círculo será capaz de introducirse noutros novos e mesmo descoñecidos espazos sociais. Isto permitiu, igualmente, o fluxo de información e experiencia no campo cultural como se desprende da comunicación aberta entre a primeira prensa provincialista de Galiza e Cataluña<sup>14</sup>. Ademais a actuación e intervención na esfera pública de *La Oliva* é unha parte máis dun proxecto consciente, preparado e organizado polo sectores aliados do progresismo e democratismo vigueses.

### 3. O provincialismo

Os investigadores Estrada Sánchez (2008) e Josep Ramon Segarra (2004; 2005) estudaron as orixes e os inicios do debate arredor do provincialismo no Estado español. Este último comprobou que xa no ocaso do século XVIII se motivaron algunhas ideas arredor da organización e das competencias políticas das provincias. O provincialismo entendeuse entón como particularismo cultural e territorial ligado ós privilexios dos reinos integrados na Coroa de España.

O proxecto común do liberalismo español aspiraba a disolver estas demandas na medida en que a nación esgazaba de vez co Antigo Réxime. Este propósito endexamais se acadou por distintos motivos<sup>15</sup>. As tensións territoriais mantivéronse presentes nos debates parlamentarios dende a apertura das Cortes de Cádiz, por mor das reivindicacións das colonias de Ultramar. Ademais a experiencia do xuntismo durante a Guerra da Independencia tamén influíu na mesma orientación posto que as xuntas revolucionarias, ante a ausencia dun poder central e do monarca como ente unificador, optaron por constituírse en centros políticos de decisión que se federalizaban con outras xuntas de provincias liberadas.

---

<sup>14</sup> Referímonos os xornais *El Porvenir* e o catalán *El Genio*, dirixido por Víctor Balaguer.

<sup>15</sup> Borja de Riquer (2001) trata a polémica cuestión da feble nacionalización española durante o século XIX como unha das causas do fracaso do proxecto común do liberalismo español.

Segarra narra a evolución sufrida polo concepto “provincialismo” que dende un espazo reservado ó pensamento moderado se moverá para un ámbito abertamente progresista. Esta viraxe, iniciada xa no Trienio e solidificada coa división liberal entre moderados e progresistas (adversarios na política de descentralización provincial e municipal), débese ter en conta nos estudos socioculturais galegos tanto en canto a ideoloxía dominante do Rexurdimento foi a progresista engarzada co provincialismo máis consciente e militante. Canda este feito subliñámo-la influencia que o romanticismo exerceu nas elites intelectuais e o interese que se xerou arredor do exótico, do folclore, do nacional, da historia, do popular etc.

Nós partimos da aceptación desta análise do provincialismo e atendémoslos sucesos históricos vencellados a el. Dende esta perspectiva narrámo-la historia da prensa provincialista e dos referentes ou iconas creados polos propios rexurdimentistas. *La Oliva*, por medio de Manuel Murguía, reivindica unha continuidade dende Sarmiento e, sobre todo, unha herdanza inmediata da Xeración de 1846 onde *El Porvenir*, Antolín Faraldo e os Mártires de Carral se converten nos fundadores da patria desexada. No periódico vigués constitúese un esforzo por recrea-los elementos que integrarán o imaxinario nacional colectivo mediante unha operación de inclusións e exclusións<sup>16</sup>.

A redacción de *La Oliva* tivo unha vontade expresa por situarse na tradición da prensa provincialista e por identifica-los elementos simbólicos que representasen esta militancia (nalgúns casos evocados por medio da literatura e os ensaios)<sup>17</sup>. *La Oliva*, cunha enorme e descoñecida distribución por toda Galiza, acolle nas súas páxinas a colaboración dos máis distinguidos autores provincialistas e, xa con Juan Compañel na dirección, preséntase como o periódico nacional e portavoz do Rexurdimento. Unha postura colectiva reforzada coa participación do núcleo provincialista coruñés cando este sufra a censura dos seus cabezallos (*El Defensor de Galicia* e *El Clamor de Galicia*)<sup>18</sup>. No Nadal de 1856 escribían: “el público de LA OLIVA en general, es el público de Galicia [...]. Gallegos, y escribiendo un periódico en Galicia y para Gali-

<sup>16</sup> Outra vía de investigación é analiza-las ausencias do relato provincialista que realizaron os mesmos rexurdimentistas.

<sup>17</sup> Barreiro Fernández (2008) e Beramendi (2008) certifican esta lectura provincialista de *La Oliva*, aínda que o segundo historiador (Beramendi, 2008: 512) matiza este asunto ó considerar que “o carácter dominante no periódico [...] é o españolismo progresista”.

<sup>18</sup> Este grupo herculino intégranlo, entre outros, Benito Vicetto, os irmáns Puente y Brañas, Leandro Saralegui ou Antonio de San Martín.

cia, no conocemos las localidades sino en su importancia relativa al bienestar social de todo el país”<sup>19</sup>. O propio Curros Enríquez (1893: 79), consciente da relevancia da acción periodística, afirmou: “La aparición [de *La Oliva*] fué, en efecto, la de un adalid de la causa del regionalismo”.

A continuidade do pensamento provincialista, non organizado organicamente e nun proceso de construción discursivo, obsérvase nas seguintes constantes: defensa da dignidade do pobo galego; exaltación do propio fronte ó foráneo; argumentación a prol das riquezas produtivas (non explotadas) do noso territorio; denuncia do tratamento colonial e a marxinação con respecto ás políticas estatais; interpretación do atraso por causas políticas; interese por coñecer e difundir-la propia historia; chamada á unidade e práctica do “espírito provincial”; necesidade de elaborar unha literatura provincial etc. Os rexurdimentistas, como *La Oliva*, pensa no país e para o país, cun proxecto propio que pode entrar (e entrou co tempo) en contradición cos contidos dos partidos de ámbito estatal. Pero o realmente importante, para nós, é o esforzo dos rexurdimentistas por construír un imaxinario nacional colectivo e un relato propio (separado do relato común do liberalismo español) que explique o pasado e o presente para deseñar unha estratexia (en clave provincialista) para o futuro. Esa estratexia acabará por impugna-lo discurso xerado en Madrid, incluso por medio da propia escolla lingüística para a creación literaria.

A homenaxe pública realizada por *La Oliva* os Mártires de Carral (acontecemento de marcación interxeracional) fíxose poñendo o acento na loita progresista acontecida en abril de 1846. Mais esta homenaxe, a primeira realizada pola prensa galega dende había dez anos, tamén serviu para lembra-lo protagonismo do provincialismo político galego. En relación con esta lectura do pasado recente súmanselle os ensaios de historia política e literaria, asinados por Manuel Murguía, cun claro propósito de redacta-la nosa historia<sup>20</sup>.

O posterior percorrido sob o título d’*El Miño*, coa publicación da primeira antoloxía da literatura galega contemporánea (*El Álbum de El Miño*, 1858) e a

<sup>19</sup> Vid. *La Oliva*, núm. 93 (20-XII-1856).

<sup>20</sup> Vid. “De la historia de Galicia” (núm. 57, 16-VIII-1856); “Resumen de la historia política de Galicia” (núm. 110, 14-II-1857; núm. 116, 28-II-1857; núm. 119, 7-III-1857; e núm. 122, 14-III-1857), “De las diversas causas que han influido de una manera desfavorable en el desarrollo de nuestra literatura provincial” (núm. 96, 31-XII-1856; núm. 97, 3-I-1857; núm. 101, 17-I-1857; e núm. 102, 21-I-1857) e “Del poeta de Galicia” (núm. 125, 21-III-1857).



asunción do lema “Todo por Galicia. Todo para Galicia”, certifican a decisión de poñe-lo periódico ó servizo dos intereses galegos, incluídos os políticos e os culturais, na lóxica compartida co xornalismo provincialista de entre 1841 e 1845. En definitiva, asumi-la responsabilidade de practica-lo “espírito provincial”: restituí-la memoria silenciada para prestixia-lo que somos mediante a exaltación do pasado e do popular; enalza-los méritos, riquezas naturais e capacidades intelectuais demostradas no vizoso pasado e latexantes no presente que amosan “la hora de la regeneración” (Murguía *dixit*); reivindica-lo respecto e recoñecemento de Galiza por parte dos foráneos e incluso por parte dos propios habitantes (exemplos de seres aliados); e propicia-la mudanza discursiva arredor dos trazos identitarios mudando en positivo a tradicional visión negativa (emancipación identitaria), por tanto, enfrontarse á chamada síndrome da aldraxe.

*La Oliva* contribúe a explicita-las aspiracións dos rexurdimentistas e a expresa-los valores guía que gobernarán no campo cultural ó propio Rexurdimento dominado polo nacionalismo literario (en termos de González-Millán): a doutrina provincialista nítrese dos elementos exaltados pola expresión cultural que actúan como órganos de difusión pública e a expresión cultural nítrese dos contidos da doutrina provincialista<sup>21</sup>.

As alusións e gabanzas a Antolín Faraldo, *El Porvenir*, os Mártires de Carral ou a propia colaboración de Ramón de la Sagra nas páxinas de *La Oliva* certifican ese intento da redacción por situarse na mesma rota do xornalismo provincialista da década dos 40.

Esta postura, sintetizando, reclamaba o recoñecemento da pluralidade do Estado español e o recoñecemento (por tanto, tamén a atención e o respecto merecidos) de Galiza como unha entidade existente con igual condición que o resto das provincias. Por tanto, o discurso deste provincialismo político camiña cara a unha aceptación do país por parte de Madrid pero, á vez, realiza un proceso de enunciación de elementos que conformarán o imaxinario común do nacionalismo galego que terá como consecuencia as primeiras demostracións de impugnación do relato español. É dicir, que se ben o provincialismo

---

<sup>21</sup> Cremos evidente que a conexión entre o progresismo e provincialismo afectou de cheo á produción artística galega na súa estética, na súa temática, na súa expresión social ou periodística durante o Rexurdimento.

político non tratou de arredarse do proxecto común do Partido Progresista nin do Partido Demócrata (xa que ambos eran defensores da descentralización), si propiciou a elaboración dun discurso que marcaba unha ruptura coa historia dunha comunidade integrada no común devir español.

#### 4. O Rexurdimento e a conformación do campo literario galego

Os diversos estudos que afrontaron a cuestión do Rexurdimento adoitan coincidir na relación entre o campo cultural e o campo político nun período influído de igual maneira polo liberalismo e o romanticismo. Esta dependencia expresa a situación subalterna de Galiza ou a feble institucionalización dos novos espazos sociais<sup>22</sup>.

Por unha parte, pois, asumímo-lo concepto de “nacionalismo literario” para enfocar e interpreta-la renacementa galega. A elaboración discursiva do provincialismo político implica, asemade, unha fixación de elementos que compoñen o repertorio do imaxinario común. A literatura está ó servizo dun macroproxecto de emancipación identitaria; ofrécese como unha galería pública interrelacionada coa doutrina política dentro da estratexia de resistencia. A fin de contas a literatura atópase na matriz do imaxinario colectivo. Antón Figueroa (2001: 114) advirte que

a produción literaria galega en galego xorde estreitamente vinculada a unhas tomas de posición políticas, tomas de posición heterodoxas no campo político español, na medida en que, cun enfoque rexionalista ou nacionalista, reclamaban unha certa autonomía política. Ó mesmo tempo, as tomas de posición implicadas polos textos literarios participaban deste carácter político pola súa temática, mais sobre todo polo feito de escribir nunha lingua distinta do castelán” [...].

---

<sup>22</sup> González-Millán (2000: 73) enumera os seguintes efectos da condición subalterna do campo literario galego: “o subdesenvolvemento de determinados rexistros literarios, a deficiente institucionalización social do discurso literario, o impacto da diglosia sociocultural e das condicións de dependencia económica e política, a multifuncionalidade do discurso literario, a subordinación institucional con respecto a outros sistemas literarios, as dificultades no proceso de recepción da produción literaria causadas polas mesmas condicións de subalternidade, a fixación temática das macrometáforas que obstaculizaron o desenvolvemento e a dinámica dos mundos imaxinarios utilizados nos diversos rexistros literarios e, finalmente, unha deficiente mobilidade xenérica, como exemplifica a privilexiada percepción da lírica, condicionada en parte por unha concepción esencialistas da galegitude”.

A literatura [tiña] un poder extraliterario, un poder certamente forte, pero heterónimo, de carácter político, que ó mesmo tempo dificultaba, e, na proporción da súa importancia, atrasaba a súa constitución en literatura à part entière, é dicir, en campo autónomo. Resulta sen embargo, aínda parecendo paradoxal, que a inicial heterodoxia lingüística e política (que *contaminaba* heteronomamente a literatura) era a que posibilita que a literatura galega tivese un día a posibilidade de constituírse nunha literatura nacional autónoma.

A concepción e evolución do Rexurdimento dáse nun contexto no cal participan tres movementos que se expandían por toda Europa: liberalismo, nacionalismo e romanticismo. Estas tres expresións políticas e culturais foron cruciais para a elaboración discursiva do renacemento moderno de Galiza. Neste sentido presentamos outra hipótese de traballo: que presenza e influencia exerceron o pensamento liberal, os fenómenos de emancipación nacional e os conceptos románticos (como o *volksgeist*) na aparición ou na sintomatoloxía da nosa renacementa?. É dicir, cómpre realizar traballos comparativos con outras expresións culturais (sobre todo de nacións e culturas emerxentes) para situar no contexto europeo o noso renacemento. Neste senso, tense advertido a influencia ou referencia que supuxeron a *Renaixença* en Cataluña, o *Risorgimento* en Italia ou a loita nacional de Irlanda. Pero resta por investiga-las semellanzas e diferenzas no discurso, temática, estética, recursos líricos, modelos literarios etc (Martínez González, en prensa).

63

Para nós o Rexurdimento foi un movemento marcado polo seu tempo histórico (liberalismo, nacionalismo e romanticismo) que se desenvolve ó longo do século XIX (1808-1906), integrado por unha reducida elite intelectual comprometida coa defensa e progreso do país nas súas distintas escalas (cultural, política, científica, económica etc.), que pulaba pola restitución da memoria histórica do pobo galego (coa intención tanto de prestixia-la súa identidade como de enzalza-las súas capacidades), e que participaba no proceso de mudanza discursiva arredor dos trazos identitarios.

O periódico vigués asumiría, devagar, a función de expresar política e culturamente o ideario do provincialismo, cun alcance que o levaba a estar presente en distintos recunchos do antigo Reino. Na primeira xeira de *La Oliva* atopamos no folletín literario a colaboración de sobranceiros escritores do Rexurdimento (Eduardo Pondal, Manuel Murguía, Aurelio Aguirre, Antonio de San Martín, José Pérez Ballesteros, Luis Rodríguez Seoane etc.),

que despois se completaría coa publicación da “Floresta” (Leandro de Saralegui, Ricardo Puente y Brañas, Benito Vicetto, Ramón Rúa Figueroa, Alberto Camino etc.). O peche da prensa provincialista da Coruña e a inexistencia dunha cabeceira propia en Ferrol favoreceu a que os escritores destes círculos pasasen a colaborar nas páxinas de *La Oliva*.

A nutrida chegada de autores ó xornal vigués reforzaba a función da literatura como forma de expansión do ideario provincialista. Nos textos literarios recóllense os valores que o provincialismo político trataba de difundir e, á vez, ofrecía novos elementos que se incorporaban (ou non) ó discurso político para a conformación do imaxinario común. A literatura preséntase coma unha alegoría do imaxinario colectivo nacional. A propósito disto comenta González-Millán (1991: 341):

Estas observacións iniciais confirman a importancia fundamental do discurso literario na configuración da conciencia étnica, por ser un espacio social privilegiado para a produción e reprodución da etnosemiose que, nunha situación cultural marxinal e periférica, está condicionada polos seguintes temas-oposición: posesión/desposesión, autonomía/sumisión e diferencia/asimilación.

64

Este espacio étnico [...] preséntase coma un ámbito de confrontación no que o signo étnico intenta apropiarse dunha experiencia histórica, que por estar condenada, pola súa irrepresentabilidade, ó silencio, só pode ser reivindicada de forma vicaria, é dicir, literariamente. Os produtores da etnosemiose galega (novelistas, poetas, ensaístas...) consideran, loxicamente, o espacio textual coma un instrumento privilegiado nunha estratexia de resistencia simbólica, na que xogan un papel determinante as complexas relacións entre a escrita e a reapropiación histórica dunha cultura marxinal.

Todo isto sucede no intre en que Juan Compañel accede á dirección do xornal e cando Manuel Murguía se pon á fronte da “Floresta”. Con certeza cremos que ambas persoas pularon por unha visión e compromiso provincialistas do periódico, e así o demostran feitos simbólicos como a adopción do subtítulo de “Periódico de Galicia” ou a publicación de “La Biblioteca de La Oliva”. Todo isto enténdese como unha contribución a un proceso en marcha que chamamos Rexurdimento.

*La Oliva*, tanto pola súa liña editorial provincialista como pola publicación de textos literarios dos seus colaboradores, insírese no Rexurdimento e participa activamente na súa evolución. O protagonismo que adquirirá o xornal

neste tempo (grazas a actividade editorial de Juan Compañel e a actividade intelectual de Manuel Murguía) e o seu dominio sobre outras cabeceiras xornalísticas galegas (en canto a ambicioso proxecto xornalístico de destacada vocación nacional) lévanos a concluír que o periódico vigués foi unha sorte de voceiro do Rexurdimento. Esta consideración fai de *La Oliva* e *El Miño* un espazo de lexitimación social e de canonización estética.

Precisamente o investigador Dobarro Paz (2000: 97) subliña a relevancia da prensa dentro deste movemento:

A importancia extraordinaria que nestes momentos adquire a prensa periódica constitúe unha das dimensións fundamentais deste proceso de recuperación da dignidade no que estaban empeñados os precursores. Débese ter en conta que, a falta doutros medios de incidencia social, estes intelectuais utilizan como tribuna os órganos de expresión que nacen ó abeiro dos faladoiros, das sociedades culturais e, máis tarde, das organizacións políticas que proclaman, defenden e reivindicán os valores de Galicia.

Por outra parte, os ensaios históricos e literarios publicados por Manuel Murguía en *La Oliva* resultan basilares e indispensables para comprender a idea que tiñan do Rexurdimento. Ou canto menos, comprender-lo “imaxinario desexado” por eles xa que a tese murguiana será predominante na elite intelectual galega.

De feito, a asunción de *Cantares gallegos* como o libro do Rexurdimento pleno responde, en parte, a que todo o ideado e cobizado para o canon literario nacional está exposto por Murguía nas páxinas de *La Oliva*. É dicir, o historiador nacionalista evoca as características da futura literatura nacional (el fala de literatura provincial) que latexan nas páxinas dos *Cantares* rosalianos. Esta obra adquiriu un valor canónico grazas a que, nunha situación de deficiencia institucional e sob o impacto da experiencia da subalternidade<sup>23</sup>, soubo combina-la calidade estética cun alto valor alegórico.

Un dos asuntos que se teñen debatido, con certa intensidade, é a concepción da literatura galega a partir da fixación do criterio filolóxico. É dicir:

---

<sup>23</sup> Precisamente, a experiencia da subalternidade tamén afectou á propia creación literaria pois como se observa na obra rosaliana a rebeldía, a denuncia e a doutrina están presentes posto que hai unha clara intención de representar unha realidade na cal se identifiquen tanto as clases populares como a identidade nacional colectiva. Esta dupla identificación aferrollou o binomio progresista co provincialista.

a literatura galega é aquela que se expresa en lingua galega. Esta condición analítica foi presentada e argumentada por Manuel Murguía en tres ensaios publicados por partes en *La Oliva* (1856-57) e en *El Museo Universal* (1858). Esta proposición realízase como resultado dunha análise histórica pola cal se certifica un pasado distinto, coa presenza e mestizaxe de diversos pobos, que acaba xerando unha cultura propia. Esta situación provoca a aparición do “xenio ou espírito nacional” que se expresa artisticamente en estreita relación coa comunidade á cal pertence: paisaxe, clima, raza, costumes, lendas, tradicións etc. De aquí Murguía conclúe que a forma máis directa de achegarse e de expresa-lo “espírito nacional”, presente nestes elementos citados, é empregando a lingua desta comunidade.

Manuel Murguía presenta a súa teoría apoiada en dúas columnas: un traballo sobre a historia de Galiza e outro sobre as circunstancias históricas da produción cultural galega. Este proxecto intelectual conformará a teoría nacional que levou ó polígrafo a considerar e declarar que Galiza era unha nación. Ademais tamén traza a “memoria da nación” nun exercicio de inclusión e exclusión a partir dunha lectura subxectiva do pasado e mesmo do propio presente que lle tocara vivir. Así, Murguía escolle aqueles feitos ou personalidades que mellor se adapten á súa finalidade. O que procura é escoller elementos que representen de mellor maneira a comunidade galega e á vez sexan lexitimados por esta mesma<sup>24</sup>.

Verbo do tema histórico publica en *La Oliva* “De la historia de Galicia” e “Resumen de la historia política de Galicia”. A lectura que realiza detense, sobre todo, na presenza dos celtas, dos suevos e na formación do antigo Reino durante Idade Media (coa figura do arcebispo Diego Xelmírez como protagonista). Murguía liga a situación esplendorosa de Galiza á existencia dun poder político propio. Tralas Revoltas Irmandiñas comezaría a obra centralizadora dos Reis Católicos que é denunciada polo historiador e suporía para a nosa cultura e país unha época de retroceso e marxinación. O espertar deste letargo iniciábase precisamente coa Xeración de 1856, segundo Murguía, e relegaba a un segundo plano o traballo da Xeración de 1846 sen que tal decisión impedise a homenaxe a Antolín Faraldo. Por iso tanto el como outros coetáneos era conscientes de vivir e protagoniza-lo Rexurdimento; sabían que eran os encargados de crea-lo relato do provincialismo e de dotar

---

<sup>24</sup> Sobre este asunto pódese consultar o artigo de Elías Torres (2004).

de contidos á propia renacemento, porque esta supoñía unha fase de ruptura cos Séculos Escuros, unha inflexión rotunda na biografía colectiva. Ademais, os rexurdimentistas falan da literatura provincial como un “espazo colectivo en obras” que se proxecta no futuro.

Este relato do pasado histórico supoñía un exercicio de restitución de memoria histórica que funcionou como un elemento de prestixio e como unha proba da capacidade de Galiza para ser próspera, poderosa e respectada. É dicir, estes ensaios, preludio da súa grande obra da *Historia de Galicia* (1865-1911), propoñen unha lectura propia do noso pasado deica redactar capítulos onde se impugna o relato español. Precisamente nesta impugnación radica a relevancia: xa non se acepta ou segue un modelo ou cronoloxía da historia española senón que se centra na participación dos distintos pobos que habitaron Galiza para xustifica-la diferencialidade galega e a súa identidade, que se expresaba por exemplo na cultura.

O profesor González-Millán indica que unha das consecuencias da experiencia da subalternidade era a presenza dunha “memoria colectiva silenciada”. Precisamente contra iso rebélase Manuel Murguía ó publicar estes ensaios e contra isto rebélase, no seu conxunto, o Rexurdimento. Por conseguinte, a posición que se formula é o envite á condición subalterna que sitúa Galiza no plano do atraso con respecto á modernidade.

Pero a maior transgresión e con maior impacto na historia cultural galega foron os ensaios arredor da nosa literatura publicados en *La Oliva* baixo o título “De las diversas causas que han influido de una manera desfavorable en el desarrollo de nuestra literatura provincial”, e “Del poeta de Galicia”, que se completan co traballo publicado en *El Museo Universal*, “Poesía gallega contemporánea”<sup>25</sup>. Estes ensaios foron tamén o preludio ó *Diccionario de escritores gallegos* (1862), publicado precisamente por Juan Compañel en Vigo, que malia non aplica-lo criterio filolóxico supón un esforzo notable por elabora-lo mapa histórico da literatura de Galiza.

A proposta do criterio filolóxico no ano 1857 e 1858 adiantaba unha postura que se consolidaría nos anos posteriores pero que precisou, por tanto, do seu tempo de maduración, ó igual que a constitución dun (proto)sistema lite-

---

<sup>25</sup> Vid. *El Museo Universal*, núm. 2 (30-I-1858), núm. 4 (28-II-1861) e núm. 6 (30-III-1858).

rario. Manuel Murguía, no propósito de construír un relato onde se constata-se o pasado literario e a capacidade intelectual de Galiza botou man, cando lle fixo falta, da obra en castelán pero cunha temática patriótica dos autores galegos. Esta postura era coincidente coa defendida por Víctor Balaguer para a Renaixença<sup>26</sup>.

Manuel Murguía adopta a noción herderiana do *volksgeist* e aplícala á realidade galega. A súa lectura, marcada polo romanticismo, exalta o propio do país e indica cales son os motivos literarios sobre os cales os escritores e escritoras galegas deben traballar. É dicir, está situando os elementos que conforman o canon literario galego e que están en estreita relación coa lectura política do provincialismo. O historiador nacionalista presenta unha galería estética pola cal se define a literatura galega e a partir dos elementos desta galería pódese determinar que é o que forma parte ou o que non forma parte da emerxente literatura galega contemporánea. Polo tanto, o historiador preséntanos unha dimensión central no discurso do Rexurdimento para entender como se artella ideoloxicamente e como se define a configuración do (proto)sistema literario galego. A prensa, pois, é un “organismo de transmisión da reflexión crítica”.

68

A xeito de resumo, Murguía cre que o poeta galego ten que representar de maneira fiel e leal o sentimento galego, o “espírito nacional” que emana do popular e que se expresa en lingua galega. Este era o vieiro para representala cultura galega porque o outro modelo é condenado de maneira contundente: o escritor galego non pode expresar artisticamente o modelo de cultura española porque “espiritualmente” son culturas distintas e por iso, cando o intentou, fracasou. Ademais sobrevoaba a idea de que na lingua na cal se aprende a falar é a lingua na cal se expresan mellor os sentimentos e a inspiración poética.

A transformación radical que supón esta concepción para a cultura e a literatura galegas é dunha relevancia extraordinaria. A impug nación do sistema dominante é completa. A lectura en chave provincialista obsérvase en cada liña. A fixación do criterio filolóxico determinaría a posterior investigación

---

<sup>26</sup> O primeiro poema en catalán de Balaguer foi “A la Verge de Montserrat”, publicado no xornal *El Conceller* (21-V-1857). Para aprofundar nesta cuestión recomendamos o artigo “Victor Balaguer i la literatura catalana” (Farrés 2001: 42-47).



galega deica chegar ó noso presente e, ademais, amosa a medida en que a lingua se constitúe como elemento crucial da identidade nacional. O criterio filolóxico resulta fundamental no proceso de canonización estética e de lexitimación nacional.

*La Oliva* ofreceu un espazo de opinión política; de elaboración discursiva e ideolóxica da nosa renacementa; un instrumento de “extensión e imposición” de ideas culturais, políticas e sociais na comunidade; e actuou como un “axente de lexitimización” da lectura nacional e do canon literario do Rexurdimento (entendido como unha macrometáfora da estratexia de resistencia), sobre todo dende os traballos de Manuel Murguía.

Para poñer-lo pecho a este traballo traemos a colación as reflexións de Josep M. Domingo (2009; 2013) arredor da *Renaixença*. Durante a súa investigación concluíu o seguinte (Domingo 2013: 35): “Es tracta, dons, en el seu moment constitutiu, d’una operació comunicativa estrictament *à la page* en les seves formes” e tamén unha “vasta operació comunicativa en què els catalans del vuitcents es conjuren per exhibir ambició i força. I de què en resulta el complex simbòlic que actua com a primer gran codi de reconeixement dels catalans contemporanis”. Unha interpretación útil para aplicar á realidade sociocultural e política do Rexurdimento.

Xurxo Martínez González  
Universidade de Vigo

## Referencias bibliográficas

Agulhon, Maurice. 1966. *La sociabilité méridionale, Confréries et associations dans la vie collective en Provence orientale la fin du XVIIe siècle*. Aix-en-Provence: Publications des Annales de la Faculté des Lettres.

— 2009. *El círculo burgués*. Bos Aires: Siglo XXI.

Artola, Miguel. 1977. *Los partidos políticos*. Madrid: Editorial Aguilar.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón. 1977. *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*. Santiago de Compostela: Pico Sacro.

- 2008. “*La Oliva*. Xornal progresista e galeguista de Vigo”. En Francisco Fernández Rei, Xosé M. García Crego, Rosa López Fernández e Xabier Vázquez López (eds.), *A semente da nación soñada. Homenaxe a X. L. Méndez Ferrín* (pp. 293-301). Santiago de Compostela/ Vigo: Sotelo Blanco Edicións / Edicións Xerais de Galicia.
- 2009. *Historia social da Guerra da Independencia en Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Beramendi, Justo. 2007. *De provincia a nación*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

- 2008. “O progresismo provincialista galego a través de *La Oliva*”. En Xosé Luís Emilio Grandío Seoane e Ramón Villares (eds.), *A patria enteira. Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández* (pp. [497]-521). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela / Consello da Cultura Galega.

Curros Enríquez, Manuel. 1893. *Eduardo Chao. Estudio biográfico-político*. Madrid: Fernando Fé.

Dobarro Paz, Xosé M<sup>a</sup>. 2000. “O nacemento dunha literatura”. En Anxo Tarrío (coord.), *Galicia. Literatura. Os Séculos Escuros. O século XIX* (pp. 88-109). A Coruña: Hércules de Ediciones.

70 Domingo, Joseph M<sup>a</sup>. 2009. “Renaixença. El mot i la idea”. *Anuari Verdaguer*, 17, pp. 215-234.

- 2013. “Sobre la *Renaixença*”. *L’Avenç*, 390, pp. 26-35.

Estrada Sánchez, Manuel. 2008. “¿Y para qué queremos las diputaciones? Una reflexión en torno a los orígenes y primera evolución de las diputaciones provinciales”. *Anuario da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña*, 12, pp. 303-320.

Farrés, Pere. 2001. “Víctor Balaguer i la literatura catalana”. *L’Avenç: Revista de història i cultura*, 262, pp. 42-47.

Fernández Pulpeiro, Juan Carlos. 1981. *Apuntes para la historia de la prensa del siglo XIX en Galicia*. Sada: Edicións do Castro.

Figueroa, Antón. 2001. *Nación, literatura, identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Fradera, Joseph Maria. 2003. *Cultura nacional en una sociedade dividida. Cataluña, 1838-1868*. Madrid: Marcial Pons.

Fuentes, Juan Francisco. 2007. *El fin del Antiguo Régimen (1808-1868)*. Madrid: Editorial Síntesis.

- Gelz, Andreas. 2009. “Prensa y tertulia: interferencias mediales en la España del siglo XVIII”. *Olivar. Revista de literatura y cultura españolas*, 13, pp. 165-200.
- González-Millán, Xoán. 1991. “Unha etnopoética para unha literatura periférica”. En Antonio Carreño (ed.), *Actas do Segundo Congreso de Estudos Galegos* (pp. 339-347). Vigo: Editorial Galaxia.
- 1994. “Do nacionalismo literario á literatura nacional. Hipóteses de traballo para un estudio institucional da literatura galega”. *Anuario de Estudos Literarios Galegos*, pp. 67-81.
- 2000. *Resistencia cultural e diferenza histórica*. Compostela: Sotelo Blanco.
- Guillamet, Jaume. 2008. “El estudio de los periódicos y la historia propia del periodismo”. En Xosé López García, Rosa Aneiros Díaz e Marcos S. Pérez Pena (coords.), *A comunicación no seu tempo* (pp. 29-33). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Habermas, Jürgen. 1973. *Kultur und Kritik*. Frankfurt: Suhrkamp.
- 1982. *Historia y crítica de la opinión pública*. Barcelona: Editorial Gustavo Gili.
- Marrast, Robert. 1975. “La prensa española del siglo XIX: algunos problemas de investigación”. En Manuel Tuñón de Lara, Antonio Elorza e Manuel Pérez Ledesma (eds.), *Prensa y sociedade en España (1820-1936)* (pp. 15-21). Madrid: Edicusa.
- Martínez González, Xurxo. 2008. “*La Oliva, a soleira do Rexurdimento. Breve achegamento ao xornal matriz da ideoloxía do Rexurdimento*”. *A Trabe de Ouro*, 75, pp. 409-422.
- 2010. “*La Oliva, matraz do Rexurdimento*”. *A Trabe de Ouro*, 84, pp. 581-589.
- 2012. “Juan Compañiel Rivas (1829-1897). Alén do editor do Rexurdimento”. *Grial*, 195, pp. 106-117.
- 2013. “O Rexurdimento dende Vigo”. *Cadernos Ramón Piñeiro*, XXVI, pp. 87-102.
- 2014. “Rosalía de Castro, a ponte entre o Rexurdimento e a Renaixenza”. *eHumanista/Ivitra. Journal of Iberian Studies*, 5, pp. 170-189.
- 2015. “*La Oliva. A ponte entre dúas xeracións*”. *Madrygal*, 18, pp. 469-479.
- (en prensa). “Renaixenza e Rexurdimento. Unha proposta comparativa”. *Anuari Verdguer. Revista d'Estudis Literaris del Segle XIX*.

- Murguía, Manuel. [1886]. 2004. *Los precursores*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- Riquer, Borja de. 2001. *Escolta Espanya. La cuestión catalana en la época liberal*. Madrid: Marcial Pons.
- Santos Gayoso, Enrique. 1990-1995. *Historia de la prensa gallega*. Sada (A Coruña): Edición do Castro.
- Segarra i Estrelles, Joseph Ramón. 2004. “El ‘provincialisme involuntari’. Els territoris en el projecte liberal de nació espanyola (1808-1868)”. *Afers*, 4, pp. 327-345.
- 2005. “Liberalismo, historia y provincialismo en las décadas centrales del siglo XIX”. En Alberto Sabio Alcutén e Carlos Forcadell Álvarez (eds.), *Las escalas del pasado. IV Congreso de Historia Local de Aragón* (pp. 141-153). Huesca: Instituto de Estudios Altoaragoneses,.
- Torres Feijó, Elías. 2004. “Contributos sobre o obxecto de estudo e metodoloxía sistémica: sistemas literarios e literaturas nacionais”. En Anxo Abuín e Anxo Tarrío (eds.), *Bases metodolóxicas para unha historia comparada das literaturas da península Ibérica* (pp. 45-71). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.